

KDA

ANUNCIO DO TRIBUNAL CUALIFICADOR DO PROCESO SELECTIVO PARA A COBERTURA EN PROPIEDAD DUNHA PRAZA DE CONSERXE-COLEXIO DE ADMINISTRACIÓN XERAL, SUBESCALA SERVIZOS ESPECIAIS, CLASE PERSOAL DE OFICIOS, FUNCIONARIO DE CARREIRA POLO PROCEDEMENTO DE OPOSICIÓN

ASUNTO.- SESIÓN DO 4 DE AGOSTO DE 2022.

Atendendo ao contido da Acta da sesión de data 04/08/2022, que obra no expediente, se publica para xeral coñecemento:

“Con data 29 de xullo de 2022 publicouse na web municipal o resultado da valoración do 2º e 3º exercizo da fase de oposición para unha praza de conserxe-colexio. Rematado o prazo de alegacións establecido, se procede co estudo das alegacións presentadas ao segundo exercizo da oposición, constanding as seguintes por orde de presentación:

C.I.F. P-1503100-H

- Alegación presentada o día 01/08/2022 ás 00:01:00 horas por don Ion Florin Buzera, solicitando a vista do seu exame práctico por non estar conforme coa nota obtida, e coñecer os criterios de corrección.

Se admite a alegación presentada, e se acorda darlle vista da documentación solicitada o vindeiro día 9 de agosto ás 10:00 horas no salón do plenos.

- Alegación presentada o 01/08/2022 ás 12:01:28 por don Cosme Martínez Naya no que solicita acceso e copia de:

“a) los exámenes de los aspirantes para comparar en conjunto el contenido de los exámenes.

b) las actas y cualquier documento y borrador usado por el tribunal para establecer los criterios de corrección y su aplicación.

c) la corrección por un perito de oposiciones o una empresa externa de control de calidad de los exámenes.”

Se admiten as alegacións a) e b), e se acorda darlle vista e copia da documentación solicitada o vindeiro día 9 de agosto ás 11:00 horas no salón de plenos.

Non se admite a alegación c) por non estar previsto na normativa vixente, nin nas bases da convocatoria, sendo o tribunal un órgano con discrecionalidade técnica, o que lle outorga unha presunción iuris tantum de certeza e razoabilidade de actuación, dada a súa especialización e imparcialidade para realizar as valoracións.

- Alegación presentada o día 02/08/2022 ás 10:27:35 horas por dona Rebeca Rubio Borrega, solicitando a revisión do seu exame práctico e coñecer os criterios de corrección.

Se admite a alegación presentada, e se acorda darlle vista da documentación solicitada o vindeiro día 9 de agosto ás 10:15 horas.

Código do documento	Código do expediente
UPO16I01KP	UPO/2021/3
Código de Verificación Electrónica (COVE)  1D4D 3N1B 032B 665Z 0LYX	

- Alegación presentada o día 03/08/2022 ás 12:46:42 horas por dona Margarita Mitrán López, solicitando a revision do seu exame práctico.

Se admite a alegación presentada, e se acorda darlle vista da documentación solicitada o vindeiro día 9 de agosto ás 10:30 horas.

O Tribunal acorda autorizar a don Javier Varela Tejedor e a dona Karina Paula Díaz Arluna para que representen ao tribunal na vista dos expedientes."

Culleredo,

A SECRETARIA DO TRIBUNAL

(asinado dixitalmente)

C.I.F. P-1503100-H